

SOLIDARIEDADE CULTURAL ANTE A EMERXENCIA SANITARIA

Cando a adversidade medra, a solidariedade faino en maior medida. É unha das grandezas da especie humana. Ante as situacións de confinamento que se estenden rápidamente por todo o planeta, xurden por todas partes actitudes solidarias e altruistas para axudar a levar mellor a situación. Se ben non todas as ofertas son totalmente altruistas e levan algo de "captación", imos quedarnos coa parte positiva e aproveitar a ocasión.

Desde a parte que máis cerca nos toca na escola, a cultural, imos deixar aquí unha recopilación de recursos, actividades e iniciativas que poden axudar a pasar o tempo de reclusión de xeito máis ameno e, de paso, culturizarnos un pouco. O listado irá medrando co tempo a medida que vaimos recibindo propostas interesantes a través de diferentes vías como wsp, web, facebook, mail, telegram, etc., polo que non deixedes de consultar este artigo de cando en vez.

Pero sobre todo, pasade tempo coa familia falando e rescatando eses xogos de mesa tradicionais, sinxelos pero enriquecedores para o intelecto.

Ánimo e paciencia !!!

BIBLIOTECA DIXITAL MUNDIAL: Xa está dispoñible en Internet. Reúne mapas, textos, fotos, grabacións e películas de todos os tempos, e explica en varios idiomas as xoias e reliquias culturais de todas as bibliotecas do planeta.

<https://www.wdl.org/es/>

BIBLIOTECA DIXITAL DA UNESCO: Con infinidade de publicacións en varios idiomas e de diferente índole.

<https://unesdoc.unesco.org/inicio>

BIBLIOTECAS DE GALIZA: Bibliotecas con servizo de préstamo de libro electrónico

1. Rede de bibliotecas da Xunta. <https://rbgalicia.xunta.gal/>
2. Biblioteca Xosé Neira Vilas (Vigo). <https://bibliotecaneiravilas.vigo.org/>

12 MUSEOS, ALGÚNS DELES CON TOUR VIRTUAL: para visitar estando na casa, tour virtual e coleccións online.

1. Pinacoteca di Brera - Milán. <https://pinacotecabrera.org/>
2. Galleria de gli Uffizi - Florencia. <https://www.uffizi.it/mostre-virtuali>
3. Musei Vaticani - Roma. <http://www.museivaticani.va/content/museivaticani/it.html>
4. Museo Arqueolóxico - Atenas. <https://www.namuseum.gr/>
5. Prado - Madrid. <https://www.museodelprado.es/en/the-collection/art-works>
6. Louvre - París. <https://www.louvre.fr/en/visites-en-ligne>
7. British Museum - Londres. <https://www.britishmuseum.org/collection>
8. Metropolitan Museum - New York. <https://www.metmuseum.org/>
9. Hermitage - San Petesburgo. <https://www.hermitagemuseum.org/>
10. National Gallery of art - Washington. <https://www.nga.gov/index.html>
11. Museo Arqueolóxico Nacional. <http://www.man.es/man/home.html>
12. Museo do Pobo Galego. <http://www.museodopobo.gal/web/index.php>

A RADIO NO PLANETA: Neste link aparece un globo terráqueo, con infinidade de puntos verdes. Cada punto verde é unha estación de radio local de calquera parte do mundo. Ao hacer click no punto, oese inmediatamente a estación de radio con boa calidade de son. <http://radio.garden/visit/vigo/peBDErWY>

CONCERTOS EN DIRECTO: "Festival me quedo en casa" e "Cuarentena fest". Nestes dous links moitos artistas, a través dos seus perfís de Instagram farán directos duns 30 min como se dun concerto acústico privado se tratase. Os horarios:

1. Festival me quedo en casa. <https://todoindie.com/yo-me-quedo-en-casa-festival/>
2. Cuarentena fest. <https://cuarentenafest.tumblr.com/>

TEATRO: Pode verse tamén teatro online, estas son as obras dispoñibles:

<http://teatroteca.teatro.es/opac/#indice>

ÓPERA: A Ópera Metropolitana de Nova York vai ofrecer obras en streaming gratis mentres dure a crise.

<https://www.metopera.org/>

PUBLICACIÓNS: Hai diversas publicacións de carácter científico interesantes. Algunhas publicacións teñen liberados contidos que habitualmente son exclusivos para subscriptores.

1. Muy interesante. <https://www.muyinteresante.es/>
2. National Geographic. <https://www.nationalgeographic.com.es/>
3. Bayard (Popi, Caracola, Leo Leo...). <https://www.bayard-revistas.com/yomequedoencasa/>

AULAS GALEGAS: Proxecto de aula virtual con recursos educativos e contidos en galego desenvolto por profesorado de Galicia sen ánimo de lucro.

<http://aulasgalegas.org/>

CONTACONTOS: Aínda que os mellores contos son os contados ou lidos pola nai, o pai, a avoa ou o avó, en youtube pode atoparse infinidade de contacontos. Iso si, hai que facer filtro antes de poñelo, xa que, como en todo, hai todo tipo de calidades. Neste enlace hai un exemplo.

Contos en pixama, da canle Gravata Torla. <https://youtu.be/rS42xoBw16c>